

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de

**CENTRO: IES DE CURTIS**  
**CURSO: 1º BACHARELATO**  
**MATERIA: ANATOMÍA APLICADA**  
**DEPARTAMENTO: BIOLOXÍA E XEOLOXÍA**  
**DATA: 8/5/2020**

Galicia.

## ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<b>UNIDADE 1: ORGANIZACIÓN BÁSICA DO CORPO HUMANO</b>	
B1.1. Interpretar o funcionamento do corpo humano como o resultado da integración anatómica e funcional dos elementos que conforman os seus niveis de organización e que o caracterizan como unha unidade estrutural e funcional.	<p>AAB1.1.1. Diferencia os niveis de organización do corpo humano.</p> <p>AAB1.1.2. Describe a organización xeral do corpo humano utilizando diagramas e modelos.</p> <p>AAB1.1.3. Especifica as funcións vitais do corpo humano, sinalando as súas características máis salientables.</p> <p>AAB1.1.4. Localiza os órganos e os sistemas, e relaciónaos coas súas funcións.</p>
<b>UNIDADE 2: O APARELLO LOCOMOTOR</b>	
<p>B2.1. Recoñecer a estrutura e o funcionamento do sistema locomotor humano en movementos propios das actividades artísticas, razoando as relacións funcionais que se establecen entre as súas partes.</p> <p>B2.2. Analizar a execución de movementos aplicando os principios anatómicos funcionais, a fisioloxía muscular e as bases da biomecánica, e establecendo relacións razoadas.</p> <p>B2.3. Valorar a corrección postural e identificar os malos hábitos posturais, co fin de traballar de forma segura e evitar lesións.</p> <p>B2.4. Identificar as lesións máis comúns do aparello locomotor nas actividades artísticas, en relación coas súas causas fundamentais.</p>	<p>AAB2.1.1. Describe a estrutura e a función do sistema esquelético en relación coa mobilidade do corpo humano.</p> <p>AAB2.1.2. Identifica o tipo de óso vinculándoo coa súa función.</p> <p>AAB2.1.3. Diferencia os tipos de articulacións en relación coa mobilidade que permiten.</p> <p>AAB2.1.4. Describe a estrutura e a función do sistema muscular, identificando a súa funcionalidade como parte activa do sistema locomotor.</p> <p>AAB2.1.5. Diferencia os tipos de músculo en relación coa súa función.</p> <p>AAB2.1.6. Describe a fisioloxía e o mecanismo da contracción muscular.</p> <p>AAB2.2.1. Interpreta os principios da mecánica e da cinética, aplicándoos ao funcionamento do aparello locomotor e ao movemento.</p> <p>AAB2.2.2. Identifica os ósos, as articulacións e os músculos principais implicados en diversos movementos, utilizando a terminoloxía axeitada.</p> <p>AAB2.2.3. Relaciona a estrutura muscular coa súa función na execución dun movemento e as forzas que actúan neste.</p>

AAB2.2.4. Relaciona diferentes tipos de pancas coas articulacións do corpo humano e coa participación muscular nos seus movementos.

AAB2.2.5. Clasifica os principais movementos articulares en función dos planos e dos eixes do espazo.

AAB2.2.6. Argumenta os efectos da práctica sistematizada de exercicio físico sobre os elementos estruturais e funcionais do sistema locomotor, en relación coas actividades artísticas e os estilos de vida.

AAB2.3.1. Identifica as alteracións máis importantes derivadas do mal uso postural e propón alternativas saudables.

AAB2.3.2. Controla a súa postura e aplica medidas preventivas na execución de movementos propios das actividades artísticas, e valora a súa influencia na saúde.

AAB2.4.1. Identifica as principais patoloxías e lesións relacionadas co sistema locomotor nas actividades artísticas, e xustifica as súas causas principais.

AAB2.4.2. Analiza posturas e xestos motores das actividades artísticas, aplicando os principios de ergonomía, e propón alternativas para traballar de forma segura e evitar lesións.

**UNIDADE 3: O SISTEMA CARDIOPULMONAR**

B3.1. Identificar o papel do sistema cardiopulmonar no rendemento das actividades artísticas corporais.

B3.2. Relacionar o sistema cardiopulmonar coa saúde, recoñecendo hábitos e costumes saudables para o sistema cardiorrespiratorio e o aparello de fonación, nas accións motoras inherentes ás actividades artísticas corporais e na vida cotiá.

AAB3.1.1. Describe a estrutura e a función dos pulmóns, detallando o intercambio de gases que ten lugar neles e a dinámica de ventilación pulmonar asociada.

AAB3.1.2. Describe a estrutura e a función do sistema cardiovascular, explicando a regulación e a integración de cada compoñente.

AAB3.1.3. Relaciona o latexo cardíaco, o volume e a capacidade pulmonar coa actividade física asociada a actividades artísticas de diversa índole.

AAB3.2.1. Identifica os órganos respiratorios implicados na declamación e no canto.

	<p>AAB3.2.3. Identifica as principais patoloxías que afectan o sistema cardiopulmonar en relación coas causas máis habituais e cos seus efectos nas actividades artísticas.</p> <p>AAB3.2.4. Identifica as principais patoloxías que afectan o aparello de fonación en relación coas causas máis habituais.</p> <p>AAB3.2.5. Recoñece hábitos e costumes saudables para o sistema cardiorrespiratorio e o aparello de fonación, nas accións motoras inherentes ás actividades artísticas corporais e na vida cotiá.</p> <p>AAB3.1.2. Describe a estrutura e a función do sistema cardiovascular, explicando a regulación e a integración de cada compoñente.</p> <p>AAB3.1.3. Relaciona o latexo cardíaco, o volume e a capacidade pulmonar coa actividade física asociada a actividades artísticas de diversa índole.</p> <p>AAB3.2.3. Identifica as principais patoloxías que afectan o sistema cardiovascular en relación coas causas máis habituais e cos seus efectos nas actividades artísticas.</p> <p>AAB3.2.5. Recoñece hábitos e costumes saudables para o sistema cardiorrespiratorio, nas accións motoras inherentes ás actividades corporais e na vida cotiá.</p>
<p><b>UNIDADE 6: ELEMENTOS COMÚNS</b></p>	
<p>B6.1. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación para mellorar o seu proceso de aprendizaxe, procurando fontes de información axeitadas e participando en ámbitos colaborativos con intereses comúns.</p> <p>B6.2. Aplicar destrezas de investigación experimentais sinxelas coherentes cos procedementos da ciencia, utilizándoas na resolución de problemas que traten do funcionamento do corpo humano, a saúde e a motricidade humana.</p>	<p>AAB6.1.1. Compila información, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación, de forma sistematizada e aplicando criterios de procura que garantan o acceso a fontes actualizadas e rigorosas na materia.</p> <p>AAB6.1.2. Comunica e comparte a información coa ferramenta tecnolóxica axeitada, para a súa discusión ou difusión.</p> <p>AAB6.2.1. Aplica unha metodoloxía científica na formulación e na resolución de problemas sinxelos sobre algunhas funcións importantes da actividade artística.</p> <p>AAB6.2.2. Aмосa curiosidade, creatividade, actividade indagadora e</p>

<p>B6.3. Demostrar de xeito activo motivación, interese e capacidade para o traballo en grupo e para a asunción de tarefas e responsabilidades.</p>	<p>espírito crítico, e recoñece que son trazos importantes para aprender a aprender.  AAB6.2.3. Coñece e aplica métodos de investigación que permitan desenvolver proxectos propios.  AAB6.3.1. Participa na planificación das tarefas, asumindo o traballo encomendado, e comparte as decisións tomadas en grupo.  AAB6.3.2. Valora e reforza as achegas enriquecedoras dos compañeiros e das compañeiras, e apoia o traballo das demais persoas.</p>

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

<b>2. Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	<p>Procedementos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Traballo persoal: valoraranse os contidos e a forma (presentación, expresión, ortografía, vocabulario, etc).</li> <li>• Realización das actividades de repaso e reforzo na casa.</li> <li>• Realización das actividades específicas de recuperación.</li> <li>• Realización das tarefas de ampliación.</li> <li>• Realización de traballos monográficos individuais.</li> <li>• Interese e participación nas actividades realizadas.</li> <li>• Puntualidade na entrega das tarefas realizadas.</li> </ul> <p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Boletíns de exercicios de repaso e ampliación.</li> <li>• Boletíns de actividades específicas de recuperación.</li> <li>• Traballos individuais.</li> </ul>
<b>Cualificación final</b>	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Para os alumnos e alumnas que teñan superadas a primeira e segunda avaliación: a cualificación final será a nota media das dúas avaliacións. O traballo telemático realizado desde a suspensión das clases, tanto de ampliación de materia como de repaso e reforzo, se valorará unicamente para mellorar a nota media final da materia, ata un máximo de 2 puntos.</li> <li>• Para o alumnado que non adquiriu as aprendizaxes e competencias imprescindibles na primeira e/ou segunda avaliación:</li> </ul> <p>As probas escritas substituiránse polo traballo telemático de reforzo e recuperación realizados no terceiro trimestre, desde a suspensión das clases.</p> <p>- O profesor, en caso de que o considere necesario, poderá engadir traballo telemático adicional, específico, a aqueles alumnos que o necesiten para superar as competencias, de forma individual.</p> <p>Nestas actividades telemáticas valorarase o traballo persoal do alumnado: se terán en conta os contidos e a forma (presentación, expresión, ortografía, vocabulario, etc.), o interese na realización das tarefas encomendadas, así como o respecto as datas de entrega das mesmas (aquelas entregadas fóra de prazo, sen xustificación, non serán avaliadas).</p> <p>Os alumnos que non aproben a materia en xuño, realizarán unha proba escrita en setembro (se a situación sanitaria o permite). A proba realizarase tendo en conta os contidos mínimos que figuran nesta programación.</p>
<b>Proba extraordinaria</b>	<p>O alumnado que non adquiriu as aprendizaxes e competencias imprescindibles na avaliación ordinaria de Xuño, realizará unha proba</p>

<b>de setembro</b>	escrita en setembro (se a situación sanitaria o permite). A proba realizarase tendo en conta os contidos mínimos que figuran nesta programación.
<b>Alumnado de materia pendiente</b>	Criterios de avaliación:
	Criterios de cualificación:
	Procedementos e instrumentos de avaliación:



### 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<p><b>Actividades</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Actividades de repaso, recuperación e reforzo da primeira e segunda avaliación.</li> <li>• Actividades de ampliación da materia.</li> <li>• Traballos monográficos individuais.</li> </ul>
<p><b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b></p>	<p>A comunicación co alumnado realízase a través do correo electrónico, chat de Hangouts, Cisco Webex Meetings e da aula de classroom, onde teñen a súa disposición toda a información e material que necesitan da materia.</p> <p>Temos unha sesión de clase por semana (xoves, de 11 a 12 horas) a través de Cisco Webex Meetings e unha sesión para dúbidas do alumnado (mércores de 12 a 12.45 horas) na mesma plataforma.</p> <p>O alumnado realiza actividades de ampliación (tema dos sistemas de coordinación e regulación, impartido no terceiro trimestre). O alumnado ten na súa aula de classroom apuntes de cada tema, presentacións power point, enlaces a vídeos e actividades online de autocorrección, ademais das explicacións na clase por videoconferencia. Co material, o alumnado debe realizar boletíns de exercicios, publicados na mesma aula de classroom, con preguntas variadas (preguntas de resposta curta, tipo test, de relación, verdadeiro ou falso, análise de textos e interpretación de gráficos e imaxes).</p> <p>Para as actividades de repaso e reforzo realizan boletíns de exercicios con preguntas variadas, igual que no caso anterior.</p> <p>Tamén faremos actividades específicas de recuperación, para aqueles alumnos e alumnas que teñan algunha avaliación suspensa (primeira e/ou segunda).</p> <p>O alumnado entrega as tarefas ou traballos a través da aula de classroom ou do correo electrónico, segundo lle sexa máis sinxelo e/ou cómodo.</p> <p>As actividades son corrixidas individualmente, xunto coas explicacións ou aclaracións necesarias a cada alumno e alumna, e despois cólganse as solucións en classroom ou se comentan na sesión de clase por videoconferencia.</p> <p>Calquera dúbida, incidencia ou suxestión, é atendida no correo electrónico, no chat de Hangouts ou na sesión para dúbidas que temos os mércores.</p>
<p><b>Materiais e recursos</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Correo electrónico</li> <li>• Hangouts</li> <li>• Cisco Webex Meetings</li> <li>• Classroom</li> <li>• Apuntes-resumos</li> <li>• Presentacións power point</li> <li>• Enlaces a vídeos</li> <li>• Actividades de autocorrección online</li> <li>• Boletíns de exercicios</li> </ul>



#### 4. Información e publicidade

<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	As comunicacións co alumnado realízanse a través do correo electrónico, do chat de Hangouts e da aula de classroom.
<b>Publicidade</b>	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.